

XII Memorial Lito

NORMATIVA

- 1) O torneo conta coa participación dos seguintes equipos: U.D. Ourense ., Ourense CF. , U.D. Barbadás, Porriño Industrial C.F., C.D. Lugo, , C.P. Calasancio, CD. Velle, Pabellón Ourense C.F, Arenteiro C.F, Sporting Celanova , S.D. PONFERRADINA, EDO .
- 2) Poderán participar nel aqueles xogadores nados nos anos naturais de 2004 e 2005, é dicir, deportistas con licenza federativa ALEVÍN tramitada pola Federación Galega de Fútbol e coa súa correspondente Mutualidade Deportiva, na tempada 2015-2016.
- 3) A competición desenvolverase de acordo ao calendario de competición que se anexa a estas bases e normas.
- 4) A duración dos partidos será de VINTECINCO MINUTOS sen descanso.
- 5) O lugar de quecemento estará situado na zona de Grada de fondo do Estadio do Couto. Os equipos non poderán acceder ao terreo de xogo ata o remate do partido anterior.
- 6) No caso de que ao cabo da primeira fase rexistrara empate en calquera dos grupos entre dous ou tres equipos na suma de puntos (3 por partido gañado e 1 por empate), resultará vencedor aquel conxunto que obteña maior diferenza de goles entre os anotados e os encaixados. No caso de persistir a igualdade, gañará aquel que máis tantos marque e se segue o empate, proclamarase vencedor aquel que encaixe menos goles. Se despois de todas estas circunstancias non se resolvese a situación, resultará vencedor o equipo que gañase o partido directo, no caso de ser dous afectados.
- 7) Na fase de eliminatorias os empates resolveranse co lanzamento dunha rolda de 3 penaltis por equipo. De persistir a igualada seguirase a rolda ao fallo.
- 8) Os equipos deberán entregar á Organización o listado de xogadores (anexo I) e ter as licencias federativas dos xogadores que van a participar no campionato para calquera posible consulta.
- 9) A organización establece trofeos para os tres primeiros equipos clasificados e medallas para tódolos participantes, un trofeo para o mellor porteiro, e un trofeo para o mellor xogador .
- 10) Os xogadores que resulten expulsados con cartón VERMELLO DIRECTO poderán participar no seguinte partido salvo que o Comité de Competición estime que a sanción sexa maior según a gravidade do acto.
- 11) Coa finalidade de solucionar as posibles coincidencias nas cores das camisetas entre dous equipos, é obrigatorio que cada clube veña provisto de dúas equipaxes de diferentes cores.
- 12) Os clubs participantes deberán estar inexcusablemente presentes na entrega de trofeos que se realizará unha vez rematado o partido da final.